

A virxe de pedra

(Guión para unha obra audiovisual de animación)

EULOXIO R. RUIBAL
(Real Academia Galega)

1.- MURO. Ext. Día

Unha man masculina, áspera, rexa, grandona, percorre devagar unha longa parede de cantaría. Atopa unha marca de pedreiro. Detense. As xemas dos dedos aloumiñan o pequeno signo en baixorrelevo, que semella unha *R* formada con reviraganchos espirais. A man non tarda en proseguir o agarimo horizontal, talvez de xeito máis apresurado; pouco a pouco, vaise esvaendo e a súa pel e mailo seu contorno mudan a unha feitura en debuxo de estilizados trazos grosos e bastos.

VOZ NARRADOR.- Eu arxina fun sempre, dende que se perde en brétemas a miña memoria. E por arxina me teño. Muriei nas obras de fábrica de incontábeis cibas granxanas, así como nos máis importantes monumentos da nosa terra: santa Comba de Bande, mosteiro de san Pedro de Rocas, castelo de Soutomaior ou na Catedral de Santiago, por referir só algúns. Igrexa grandiosa, por certo, esta da cidade de Compostela, á que volvo cada ano xubilar, tan só por acariñar con estas miñas mans e esculcar con estes meus ollos algunhas das millenta cantarías que alí teño labrado.

2.- CATEDRAL. Ext. Día

Atopámonos na Idade Media. A vida transcorre en debuxos (semi)animados. Muros, pórticos e pendellos que semellan saídos dos códices miniados. Canteiros (arxinas, buxas) que cruzan portando cantarías. Canteiros (faces enxoitadas, dunha beleza primitiva, pétrea) que labran o granito a golpe de pico, buxarda ou cicel. Canteiros que escuadran as caras dos paralelepípedos pétreos. As ferramentas baten nun compás de lascas, po e muxicas cantareiras (¡plas, plas, plisplás, plas...!).

Por veces, o mestre Ruibal de Moraña marca coa voz o ritmo de traballo.

MESTRE RUIBAL.- ¡Arriba, abaixo, e vai, e vai...! ¡Vai, vai, pedra, pedriña, vai, vai...
Ánimo, compañeiros...! Arriba, abaixo! Riba, aixó...! E vai, e vai, e vai, e vai...!

O mestre amosa unha figura máis agrandada que as outras (escala artística) e unha fisionomía, coma todos eles, de debuxo pétreo, escultórico, abondo estilizado e de moi pouca cor; lembran as figuras do Pórtico de Mateo e asemade as pinturas dos artistas galegos da chamada «estética do granito».

VOZ NARRADOR.- Formei sempre parte da cuadrilla do mestre Ruibal de Moraña, esixente no traballo, mais logo do abalou farrista coma calquera. En tempos do mestre Mateo aínda participou con nós, vellouqueiro e todo como ía, naquela célebre tolaxada de mozotes que a piques estivo de custarnos excomuñón e cadea.

O mestre Ruibal, sen deixar de marcar o compás de traballo cunha man, tira coa outra de reloxo de peto, consulta a hora e pregoa con voz potente:

MESTRE RUIBAL.- Abalou!

Os buxas paran de traballar no intre e pousan as ferramentas. Beben auga duns porróns, que van pasando de man en man. Achéganse uns a outros. Póñense a falar. Barullo medrante. Algúns lían pitos e logo préndenos con rudimentarios chisqueiros de mecha.

Luscofusco. Avívase o lume da punta dos cigarros que algúns canteiros levan colgados dos beizos, mentres pasean (aburridos, en silencio, co pensamento en afastados lugares) arredor da basílica catedral.

VOZ NARRADOR.- Arredados alí das nosas mozas e donas como estabamos e escaseando como escaseaban as mulleres naquel santo lugar (ateigado de artesáns, peregrinos e cregos), demorabámonos en retirarnos a durmir ás palleiras, dispostas a tal fin nos cortellos ou nos alpendres espallados extramuros.

Noite de feble lueiro. Parte da cuadrilla pasa a rentes dunha torre da catedral. Os homes camiñan desganados, melancólicos, coas mans nos petos. Uns van, outros veñen. Sen rumbo. Moitos dan voltas e voltas. Un deles, de súpeto, afástase do grupo, atravesa un pendello e cóase por unha portela entornada do valado de madeira que protexe as obras do novo pórtico.

VOZ NARRADOR.- Unha noite de lúa case demuada, o Cachote, non se sabe ben como, apareceu no lugar onde o ilustre Mestre Mateo e mailos seus daban fábrica con gran segredo ao Pórtico da Gloria.

3.- PÓRTICO DA GLORIA. Int./Ext. Noite

Unha inmensa tea de estopa colga do armazón de madeira dunha bóveda. Xorde unha sombra e bate nela. É o *Cachote*. Desvíase e tropeza con outra tea. Arrédase, dá media volta e encóntrase con outra. Apártaa. Sombras de estadas, roldanas, pedestais complican o labirinto. A boca dun monstro.

O buxa pilla medo. Bate de fociños cunha columna e abrázaa. Nota algo debaixo dunha man. Apalpa. Goréntalle.

Olla moi de vagar e descobre que está a aloumiñar o peito granítico dunha escultura, talvez pertencente a Eva. Afástase súpeto, ulisca a pedra e ponse alí a facer augas contra a columna, como marcando territorio. Móvese e mexa na boca dun monstro. Ao decatarse, arrédase medorento. Olla para o alto, xira un chisco e xiringa unha tea,

debuxando un arco escuro e deformado co perfecto arco da urina. Un súbito bater de chaves corta en seco o chorro. A sombra do canteiro agáchase. Dende o seu acocho ve pasar, temeroso, a enorme figura (escala artística de novo) do cóengo fabriqueiro, que camiña co pousón andar renco que marca o arrítmico e metálico estrondo do mangado de chaves que colga da súa man esquerda. O buxa engrúñase para non ser descuberto. Afástase o ecoar dos pasos. Pérdese na fondura das naves. Morren luces. Escuro. Silencio. O *Cachote* aproveita para tentar fuxir. Móvese ás atoutiñadas cara a un e outro lado. Tropeza unha e outra vez. Asoma a lúa parte do seu arco. O canteiro asústase e recúa, tropeza cunha figura medio recostada e tapada cun lenzo; abrázase de pés e mans a ela.

Medra o luar. O home apalpa ao chou a figura de vulto redondo sobre a que está medio montado. Sorpréndese. As mans percórrena agora con dondura e descubren as formas dun corpo de muller. El salta ao chan e tira devagar polo tecido. Xorde unha santa, xa case totalmente esculpida, de belido rostro e figura bringuela. El fica pampo. Achégase máis a ela. Estende as mans. Acariña. Vai entrando en fervenzas. O arco da lúa, a través do arco de medio punto, brilla en toda a súa intensidade.

Cando xa non pode conterse, o arxina pega un chouto e ponse a carranchapernas da imaxe pétrea; cóbrese coa tea. Tira de boina e tápalle con ela os ollos á virxe.

Sucesivas e rápidas fases lunares. A luzada do mencer. A boina, encol da faciana da virxe. Ronquidos. O *Cachote* dorme enriba da escultura pétrea. Esperta. Bocexa. Espreguízase. Tira de boina e cálaa a xeito. Lía un pito. Detense. Semella ter unha idea. Sorrí.

4.- CATEDRAL. Ext. Día

Rítmico bater das ferramentas contra a dura pedra de gra. As godalleiras bocas dos canteiros fan correr a voz de ouvido en ouvido, que se estende coma un susurrante eco:

CANTEIRO 1.- Quilar virgo!

CANTEIRO 2.- Quilar virgo!

CANTEIRO 3.- Quilar virgo!

CANTEIRO 4.- Quilar virgo!

CANTEIRO 5.- Quilar virgo!

As mouras facianas dos arxinas amosan unha arcaica lascivia. A labra da pedra foi aumentando o compás.

5.- PÓRTICO DA GLORIA. Int. Noite

Os canteiros forman unha gran ringleira. Semellan impacientes. Algúns empurran. Protestas. Barullo. O *Cachote*, fronte a eles e controlando o paso, tenta poñer orde e pídelles silencio. Sae un home por detrás da estopa, con expresión de aloulado; quere

volver entrar. O *Cachote* non llo permite. Empurróns. O *Cachote* contén malamente o tumulto dos buxas. O primeiro da riola deposita unha moeda (enorme e prateada) na pucha-bolsa do *Cachote*, que o deixa pasar logo de obrigalo a descubrirse. Cae unha pucha encol do fermoso rostro da virxe. Uns dedos guindan (debuxando un arco no ar) unha moeda na bolsa do *Cachote*, xa case chea. Voa outra pucha. Ronsel en forma de arco.

Outra moeda. Outra pucha.

Outra moeda. Pucha.

Moedas. Puchas, boinas, gorros. Ronseis en arco.

Rostro virxe. Son moeda; imaxe pucha. Bis, bis, bis...

(*Funde a cor prata. Ronquidos*)

Abre o día. A luzada anega devagar o pórtico. Unha boina (agora capada) oculta os ollos da virxe. O *Cachote*, medio acochado pola tea, dorme dacabalo da estatua. Esperta. Espreguízase.

Ponse a liar un pito. Préndeo, logo dunha estudada pose de chulería, cun moderno e luxoso acendedor de gas. Un ruído súpeto ecoa ao fondo das naves. O *Cachote* pilla medo e salta ao chan.

O cigarro, que leva entre os dedos, bate no tecido de estopa que colga do alto e prende lume nel. O *Cachote* bota a correr. Detense. Volve pola boina. Ve arder a tea. Sacódea até apágala. Ficou no tecido un burato en forma de améndoa.

El acocha ben a virxe e foxe, primeiro na punta dos pés e logo con longas e sixilosas alancadas. Os pasos rencos, ao compás do metálico estrondo de chaves, achéganse ao outro lado da enorme tea e páranse. Silencio.

Polo buratiño romboidal asoma un enorme dedo medio. Retírase de vagar. Volve rápido a introducirse.

6.- CATEDRAL. Ext. Día

Os buxas fan un descanso na xeira de traballo. O *Cachote* loce unha charramangueira grabata de novo rico sobre unha camisa sen colo (coma esas que hoxe lle din «tipo Mao»).

Algúns beben auga do porrón; el gurrucha tinto espadeiro (tamén ao xeito catalán) dunha bota (que ten impreso como *souvenir* publicitario: *Xacobeo 2021*). Cando está a beber, fachendoso, un canteiro búrlase del, facendo como que o esgana coa grabata.

Algúns arxinas rin; o máis mozote anícase, apaña unha palla e faille cóchegas con ela na entreperna. O *Cachote* dóbrase, trouxa o último grolo, e enzoufa a grabata e maila camisa de viñote. Risotadas de toda a cuadrilla. O mestre Ruibal, que tenta reprimir o riso, corta con acenos o dos homes da cuadrilla, e volve marcar o ritmo de traballo.

Compás cantareiro da labra das pedras. Os arxinas tararean a música (ledos e en ton burleiro) dunha cantiga medieval, e logo cantan:

CORO DE ARXINAS

*Virgo de corpo fremoso,
amor hei!*

*Virgo de corpo belido,
amor hei!*

*Virgo de corpo bringuelo,
amor hei!*

*Bringuelo, belido, fremoso:
corpo de dona tallado:
arxina alegre ha folgalo.*

*Amar hei corpo bringuelo,
hei, arxina ledoo!*

*Bicar hei corpo belido,
hei, arxina amigo!*

*Gozar hei corpo fremoso,
hei, arxina ditoso!*

*Fremosa, belida, bringuela:
dona virgo hei gorentar.
Arxina ledoo, sempre a cantar.*

Sucesión acelerada das fases da lúa.

7.- PÓRTICO DA GLORIA. Int. Noite

Un enorme ollo saltón a mirar polo burato romboide da tea. Arregálase. Unha gorra de prato cobre a testa da xentil virxe de pedra. Arrédase o cortinón e entra o fabriqueiro. Colle a pucha, míraa e remíraa. Raña a cabeza, xusto no curuto tonsurado.

Tenta poñer a gorra; non lle entra. Olla ao seu arredor con sinistra desconfianza. Ulisquea. Descubre no chan unha pequena mancha escura. Achégase a ela, con estrañeza. Anícase. Toca a mancha co dedo maior (alfaiado?), que se molla dun líquido mesto de cor sangue. Mírao e remírao.

Léva o dedo á boca e cátao coa punta da lingua, que sobe ao alto do padal. Semella gorentarlle. Cae unha pinga no centro da mancha. O cóengo comproba que procede da parte inferior da virxe. Vaise persignar, coa ollada cara ao alto, como recoñecendo un milagre; pero non, detense, pénsao mellor e move a cabeza cun ademán de convencida negación. Cospe cara a unha beira con noxo. Deita de gorra, limpa a mancha con ela, e logo arrebolaa ao chou moi anoxado. As fases da lúa sucédense máis devagariño.

Riola de canteiros. Entre eles, salienta o mestre Ruibal. O *Cachote*, algo máis gordecho, leva posta a gorra de capitán mariño, ben limpa e alisada. Moedas. Puchas. Fases da lúa. O burato na tea. Xorde o ollo de batracio do cóengo, que esguellea en todas direccións. Ao lueiro que xusto agora medra, e baixo a tea de liño, o ventre da santa virxe semella algo avultado.

O ollo pestanexa. Retírase. O cóengo raña a tonsura. Olla do través a un lado e outro. Engruña o fociño. Rosma. Vaise.

Fases da lúa. Moedas. Puchas, gorros.

O burato romboidal. Entra célere nel o dedo corazón e desprázase amodo polo bordo da tea. Sae. Xorde no seu lugar o ollo batracio. Xira unha ollada. Arregálase enormemente. Escóitase un berro colérico e atronador, que resoa un bo anaco ao longo e alto das naves románicas.

A barriga da virxe semella abondo medrada. A man do clérigo retira violentamente a tea que a cobre. En efecto, a virxe está preñada. O cóengo fabriqueiro, furioso, tira de lanterna de raios láser e, atoleirado, bótase a procurar causas e culpas ao seu arredor.

8.- CATEDRAL. Ext. Noite

Os canteiros, coas mans nos petos e as cabichas colgadas dos beizos, pasean sen rumbo, aburridos, pesarosos. Algúns fan comentarios bisbeantes en pequenos corros; outros apoian as preguiceiras costas contra os paredes da igrexa catedral.

NARRADOR.- Nós tamén nos fomos decatando. Maldito como si. Non fora ningunha sorpresa. Tarde ou cedo tiña que pasar. Mais que iamos facer? Decontado colleramos o vezo. E quen non? Xeitosiña como era, e ardencias de arrepuñar con femia non faltaban... E mesmo lle prestaba tan ben o preñazo que a cada paso se poñía máis fremosa... Abofé como si.

9.- PÓRTICO DA GLORIA. Ext. Día

O mestre Ruibal atura estoicamente as iras do cóengo, de superior corpulencia e altura, en coherencia coa escala que estamos a empregar. O fabriqueiro berra alporizado ao tempo que sinala co furabolos cara á tea furada que oculta a santa virxe de pedra.

CÓENGO.- *Abortus, abortus! Virgo abortus!*

O mestre vólvese con gravidade e, resignado, failles un sinal coa cabeza a dous canteiros que agardan algo afastados. Un deles vai provisto de maceta, cicel e punteiro; o outro leva pico, buxarda e lima. Ambos desaparecen detrás do tecido de estopa. Cantarolan golpes de pico e cicel e ao mesmo ritmo salfiren a estopa de sangue. O mestre Ruibal arreda a ollada. A dor crispalle a faciana. O cóengo mantén a mirada fixa na tea; medra o seu retorto sorriso. Silencio. A tea está ensanguentada; as pingadelas e mailo vermello chorreo deron forma a unha gran mancha que lembra (e ocupa o baleiro) da «amputada» barriga.

10.- CATEDRAL. Ext. Día

Un grupo de arxinas, de pé, en silencio, olladas distantes, perdidas no labirinto da saudade.

VOZ NARRADOR.- Coitadiña! Miña santa! Moita mágoa pasamos... Pero... Pero, a dicir verdade, o que máis nos amolou non foi que nos deixasen sen fuchicadela, que foder fodeunos, senón ter coñecemento que non fomos nós os causantes do empreñe, non, que seica fora un santo de pau que había por alí nunha sancristía... O moi...!

11.- CATEDRAL. Int. Día

O fabricante entra con moito sixilo nunha capela escura. Os ollos de batracio escudríñana. Aparece noutra capela. Fíxase nunha imaxe e enfócaa coa lanterna. Desbótaa. Olla cara a outra parte. Un anxiño nu. Os ollos do cóengo dan un chouto.

As nádegas barrocas do anxiño (ou *putto*): inocencia rosada e carnosa.

O cóengo pecha con forza os ollos e torce anoxado a cabeza. Arrédase. Váiselle un ollo cara a atrás. Prende unhas velas eléctricas en outro lugar. Apaga a lanterna. Abre a porta dunha sancristía. Está moi escuro. A lanterna de láser non lle funciona. Anóxase. Ás apalpadas, logra atopar un vello interruptor de madeira. Fai xirar o tarabaliño e acéndese unha bombilla pendurada do teito. Estancia reducida, abafante, tristeira. Obxectos vellos, en desorde, cubertos de po e unidos por arañeiras. Algunhas imaxes relixiosas.

Logo dunha rápida ollada, o clérigo apaga a luz. Paralízase. Raña na tonsura. Dá media volta e acende de novo a bombilla. Raña outra vez a tonsura co furabolos. Observa o dedo. Está ensanguentado. Desagrádalle. A súa ollada bate en algo. Asómbrase e logo, asañado, sinala co dedo corazón unha humilde e pequeneira imaxe dun santo de pau de feitío popular, que amosa certa expresión de parvaxolas e unha petrina moi avultada.

CÓENGO (*off*).- Culpábel! *Castratio castrationis!*

Chucha o dedo. Estarrécelle.

Un carpinteiro agarda cunha gubia na man. Ten o santo diante del, enriba dunha mesa. Chega o fabricante.

CÓENGO.- *Pecatorum*. Proceda.

O carpinteiro fai un leve movemento de cabeza.

CÓENGO.- Obedeza ou...

O carpinteiro, por toda resposta, colle o santo nas mans e báteo lixeiramente contra a mesa. Fórmase unha morea de po. O carpinteiro sitúa logo a imaxe do santo fronte ao

cóengo fabriqueiro. O «paquete» desapareceulle totalmente: no seu lugar ten agora o santo un escuro burato romboidal e profundo. O fabriqueiro, moi sorprendido, olla cara o teito e fai ademán de persignarse. Pero detense, ceiba un aceno displicente ao carpinteiro, dá media volta e vaise, chuchando o dedo maior.

VOZ NARRADOR.- O que é a vida. De boas librou o carpinteiro. Seica a couza lle aforrou o traballo. (*Pausa.*) O santo aquel segue aquí. Estou certo. Damo a alma. Aínda teño botado ben olladas por canto curruncho hai na Catedral e xamais conseguín dar co condenado. Porque seguir segue...

12.- CATEDRAL. Ext. Día

A cuadrilla de canteiros está a traballar. O *Cachote*, que viste como ao comezo, perde ritmo. Semella canso, abatido. Limpa o suor e consulta a hora nun reloxo de pulso. O mestre repréndeo coa ollada. Os demais buxas semellan tamén cansos, trasteiros. Mingua o ritmo. Cantan.

CORO DE ARXINAS:

*Grandes coitas as do arxina son,
ai, se non ha amor.*

*Coitas grandes as que o arxina ten,
ai, a amada non vén.*

*Ficou sen amiga,
amor xa non ten.
Coitado arxina,
que será agora del?*

*Son grandes do arxina as coitas de amor.
A pedra a cantar.*

*As coitas do arxina de amor grandes son.
A pedra a labrar.*

*A pedra a cantar.
A pedra a labrar.
Coitado arxina,
ficou sen amiga.*

*Ficou sen amiga.
Ficou sen amada.
Cantar e labrar.
Arxina a coitar.*

13.- MURO. Ext. Día

Unha man percorre o muro de cantaría. Esmorece a canción e logo esváese o debuxo, que é substituído pola man de carne e óso do principio.

Compostela, outubro, 2016